

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**12749** *Real decreto 1299/2009, do 31 de xullo, polo que se modifica o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.*

Mediante este real decreto introdúcense modificacións puntuais no Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, co fin de facilitar a liquidez dos plans de pensións no suposto de desemprego de longa duración, e, por outra parte, simplificar o procedemento para que os fondos de pensións poidan operar como fondos abertos canalizando investimentos doutros fondos de pensións.

En canto aos requisitos para facer efectivos os plans de pensións no suposto excepcional de desemprego, suprímese a exigencia do prazo de 12 meses continuados en situación legal de desemprego, co fin de que os partícipes que estean nesa situación e vexan minguada sensiblemente a súa renda dispoñible, poidan acceder de modo inmediato ao aforro acumulado no plan para atender as súas necesidades económicas, unha vez esgotadas as prestacións por desemprego contributivas ou no caso de non ter dereito a esas prestacións. Dáselles un tratamento similar aos traballadores autónomos que, tras abandonar a súa actividade, figuren como demandantes de emprego.

Polo que se refire aos fondos de pensións abertos, suprímese o requisito de autorización administrativa previa para operar como tales, e substitúese por unha comunicación previa preceptiva á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Esta modificación introdúcese en cumprimento do Acordo do Consello de Ministros do 14 de agosto de 2008, polo que se aprobaron medidas en desenvolvemento do Plan de redución de cargas administrativas e de mellora da regulación, que comprende un conxunto de propostas para simplificar os procedementos administrativos, no marco dos obxectivos para o crecemento e o emprego. Con isto simplifícase e axilízase o procedemento e favorécese a redución dos custos que estes trámites supoñen para as entidades e, en última instancia, para os partícipes. Por outra parte, modifícase a habilitación para ditar normas específicas sobre comunicacións e procedementos de autorización e inscrición de modificacións dos fondos de pensións, substituíndo a habilitación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións por habilitación ao ministro de Economía e Facenda.

A disposición derradeira terceira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 novembro, atribúelle ao Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda, e logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, o desenvolvemento desa lei nas materias que se atribúen expresamente á potestade regulamentaria así como, en xeral, en todas aquelas susceptibles de desenvolvemento regulamentario en que sexa preciso para a súa correcta execución e, en especial, a aprobación ou modificación, de ser o caso, do regulamento específico. O proxecto deste real decreto foi examinado previamente pola Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.*

O Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«3. Os dereitos consolidados nos plans de pensións poderanse facer efectivos no suposto de desemprego de longa duración. Para os efectos previstos neste artigo considérase que o partícipe está en situación de desemprego de longa duración sempre que reúna as seguintes condicións:

a) Estar en situación legal de desemprego.

Considéranse situacións legais de desemprego os supostos de extinción da relación laboral ou administrativa e suspensión do contrato de traballo recollidos como tales situacións legais de desemprego no artigo 208.1.1 e 2 do texto refundido da Lei xeral da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e normas complementarias e de desenvolvemento.

b) Non ter dereito ás prestacións por desemprego no seu nivel contributivo, ou ter esgotado esas prestacións.

c) Estar inscrito no momento da solicitude como demandante de emprego no servizo público de emprego correspondente.

d) No caso dos traballadores por conta propia que estivesen previamente integrados nun réxime da Seguranza Social como tales e cesasen na súa actividade, tamén se poderán facer efectivos os dereitos consolidados se concorren os requisitos establecidos nas alíneas b) e c) anteriores.»

Dous. O número 2 do artigo 56 queda redactado do seguinte modo:

«2. Non obstante o previsto no número anterior, en relación cos procesos de investimento desenvolvidos, os fondos de pensións poderanse encadrar dentro de dous tipos:

a) Fondo de pensións pechado, destinado exclusivamente a instrumentar o investimento dos recursos do plan ou plans de pensións adscritos a aquel.

b) Fondo de pensións aberto, caracterizado por poder canalizar e desenvolver, xunto co investimento dos recursos do plan ou plans de pensións adscritos a aquel, o investimento dos recursos doutros fondos de pensións da súa mesma categoría nos termos establecidos neste regulamento.

Para poder operar como fondo de pensións aberto será preciso que o fondo conte cun patrimonio mínimo de 12 millóns de euros en contas de posición de plans directamente integrados naquel. A conversión do fondo en aberto non estará suxeita a autorización administrativa, ben que se deberá comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións nos termos previstos no artigo 60.6 deste regulamento.»

Tres. Modifícanse os números 2 e 6 e engádese un novo número 7 ao artigo 60, coa seguinte redacción:

«2. As modificacións das normas de funcionamento dun fondo de pensións requirirán autorización administrativa previa e posterior inscrición no Rexistro Especial de Fondos de Pensións, e para este efecto será de aplicación o procedemento regulado no artigo 58 para a constitución dun fondo de pensións.»

«6. A conversión do fondo de pensións en aberto non estará suxeita a autorización administrativa, ben que se deberá comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo de dez días desde a adopción do acordo, xuntando certificación deste, para a súa inscrición no Rexistro Administrativo de Fondos de Pensións. O fondo de pensións non poderá operar como aberto mentres non se efectuase esa comunicación.

As modificacións das normas de funcionamento dun fondo que se limiten a indicar o tipo de fondo como aberto, sen modificar a regulación doutros aspectos, non requirirán autorización administrativa previa, ben que se deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo de 10 días desde a adopción do acordo correspondente, xuntando certificación deste.»

«7. O ministro de Economía e Facenda poderá ditar normas específicas sobre os procedementos de autorización e inscrición de modificacións dos fondos de pensións e obrigas de comunicación regulados neste artigo.»

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao que nel se establece.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado no Consulado Honorario de España en Funchal o 31 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ